



RESULTADOS DA PRIMEIRA ESCAVACIÓN NO XACEMENTO DE PROENDOS, SOBER

Francisco Alonso Toucido Tempos Arqueólogos SL. USC / Adrián Folgueira Castro / Roberto Bartolomé Abraira
José Carlos Sánchez Pardo USC / Carlos Tejerizo García / Mario César Vila Tempos Arqueólogos SL

Introdución

Segundo a tradición oral, na parroquia soberesa de Santa María de Proendos existe unha cidade enterrada e habitada por mouros. As numerosas pezas reaproveitadas nas casas do seu núcleo como basas de columna, inscricións e trísceles inciden no carácter singular do xacemento. As primeiras referencias sobre a importancia do espazo datan da segunda metade do século XIX con mencións á existencia de mosaicos e restos de muros (Castro López, 1905), Murguía tamén faría mención aos materiais de Proendos (Murguía, 1888, p. 1030). A mediados do século XX Manuel Vázquez Seijas localiza tres tumbas nunha zona próxima á igrexa (Vázquez Seijas, 1946), e máis recentemente, durante unhas obras de saneamento, foron identificados restos dun hipocausto.

Dadas as características idóneas do espazo para o cultivo, nunha chaira entre a ribeira do Sil e o val de Lemos, así como o tipo e dispersión de restos e a súa posición entre a vía XVIII e o val de Lemos, o xacemento foi tipificado como posible *villa* ou aglomerado secundario vinculado a unha vía con orixe en Castro Caldelas e dirección norte (Grande Rodríguez, 2004, p. 119, 2007, p. 127). A proximidade á zona do castro de Proendos e de varios petróglifos enriquece a realidade patrimonial da área e denota a singularidade do poboamento en Proendos dende a protohistoria ata os nosos días (Fernández-Pereiro et al., 2018, p. 148; González Aguiar, 2020, p. 48).

Dada a singularidade do xacemento de Proendos, a súa interesante tradición oral e a riqueza dos materiais arqueolóxicos reempregados en numerosos puntos da parroquia de Santa María de Proendos, no ano 2019 o Concello de Sober promove unha prospección xeofísica no sitio. Este traballo buscaba coñecer a extensión do xacemento, a súa hipotética cronoloxía e o grao de conservación das súas estruturas. O traballo concentrouse nas parcelas situadas entre a igrexa de Proendos e o núcleo habitacional, prospectándose á súa vez outras parcelas illadas e periféricas á área central, sumando un total de 27.000 metros cadrados prospectados.



Fig. 1 Traballos de prospección.



Fig. 2 Resultados da prospección.

A prospección forneceu complexos resultados con numerosas evidencias de anomalías lineais e extensas, con probabilidades de ser tipificadas como un complexo de baños de extensión considerable, varios elementos de posible carácter público e de servizos, posibles estruturas de habitación, unha probable trama urbana ou estruturas funerarias, así como un hipotético sistema de condución de augas. Destaca a zona central de Proendos, co que parecía tratarse dun amplo edificio duns 3000 metros cadrados encadrable en época romana así como varias zonas de paso que poderían ser identificadas como vías ou rúas. Outras estruturas con muros en paralelo

poderían ser adscribibles a tarefas agrícolas, como un posible *horreum* e documentouse tamén un foso posiblemente vinculado ao castro de Proendos (Sala Bartrolí et al., 2020).

Ante os interesantes resultados, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia contrata en 2020 a execución de sondaxes valorativas co obxectivo de corroborar os datos fornecidos pola prospección así como o estado de conservación e cronoloxía das estruturas. Dos resultados destes traballos dáse conta no presente artigo.

Formulación das escavacións

A primeira campaña de escavacións no xacemento de Proendos consistiu na realización de 5 sondaxes arqueolóxicas distribuídas nos puntos de maior interese do conxunto documentado na prospección previa.

S1: Cun tamaño de 3x3 m, foi situada no extremo NE da área de intervención. O lugar de escollo desta localización veu motivado pola documentación dunha estrutura cuadrangular ou rectangular cun conxunto de muros no seu interior dispostos de maneira paralela, como hipótese de traballo buscouse corroborar se esta estrutura se trataba dun *horreum*.

S2: A sondaxe 2 localizouse no extremo NE da área de intervención, foi formulada en formato gabiá de 2x4 m disposta en orientación E-O co obxectivo de identificar unha posible zona de tránsito e edificacións anexas á mesma.

S3: A sondaxe 3 foi localizada na zona central do xacemento, contou cun tamaño de 2x10 m, sendo posteriormente ampliada no seu extremo O cara o N, 1x1 m e cara o S 1x2 m, conformándose unha sondaxe en forma de cruz non simétrica, cos seus brazos no extremo O. A sondaxe foi definida nesta área ante a posible existencia dunha grande estrutura en ábsida.

S4: A sondaxe 4 foi formulada na área central do xacemento cun tamaño de 2,5x2,5 m nunha zona de grande concentración de restos de combustión. Os obxectivos desta sondaxe estaban vinculados á identificación dun posible hipocausto ou zona de combustión do mesmo.

S5: A sondaxe 5 formulouse cun tamaño de 3x3 m co obxectivo de definir mellor as estruturas e estancias localizadas durante a prospección previa, na zona central do xacemento.



Fig. 3 Localización das sondaxes sobre ortofoto marcando as anomalías da prospección.

Resultados das sondaxes

Os traballos realizados entre setembro e outubro de 2020 forneceron resultados positivos en todas as sondaxes, documentándose estruturas de diverso tipo.

Sondaxe 1

A sondaxe S1 forneceu resultados a cotas moi altas. Inmediatamente despois de retirar as capas superficiais foron localizados 3 muros paralelos en disposición NO-SE así como na zona norte dous muros adosados en disposición E-O.

A través dos resultados da prospección xeofísica e trala posterior comprobación mediante escavación, sabemos que os muros forman parte dun edificio con muros paralelos en toda a súa planta conformando un sistema de corredores entre os mesmos. A presenza do muro UE104 a unha cota superior á dos muros UE103, UE102 e UE114 así como a súa peor feitura, poderían estar indicando unha cronoloxía diferente e por tanto unha fase posterior de reforzo de toda a estrutura.

Grazas aos datos da prospección xeofísica sabemos que a estrutura ten canto menos 8 metros de longo no eixo E-O e 5,5 no N-S, sen que se chegasen a prospectar os seus límites, posto que na zona sur introdúcese noutra parcela. E na leste coincide debaixo dun tendido eléctrico.

O tipo e calidade das estruturas desta sondaxe, con muros de entre 40 e 50 cm de ancho, ben careados, con argamasa de calidade, perfectamente achumbados e con remates no seu extremo N en forma de tizóns relaciona a súa funcionalidade co almacenamento, posiblemente de cereal, tratándose moi posiblemente dun *horreum*. Estas estruturas garantirían o paso de aire por debaixo do pavimento, un pavimento que dada a ausencia de opus na escavación, podería estar conformado por unha tarima de madeira. De esta forma a materia almacenada contaría cunha correcta ventilación e por tanto unha óptima conservación. De confirmarse a construción da UE104 nunha segunda fase, atoparíamos ante unha estrutura con dúas fases de ocupación.



Fig. 4 Estado final dende o N da sondaxe 1.

Sondaxe 2

A sondaxe 2 forneceu resultados a unha cota relativa de entre 20 e 30 cm con respecto á rasante previa do terreo. Varias estruturas lineais de tipo muro foron documentadas así como pavimentos asociados aos mesmos, compostos por terra e xabre de reducida compactidade. 3 foron os muros identificados, no oeste da sondaxe a UE204 é un muro de escasa entidade, conformado por 3 pezas líticas sen contacto entre as mesmas, aparentemente este muro atópase delimitando dous espazos diferenciados, posiblemente o límite entre unha zona de paso e o interior dun recinto. Como elemento destacado desta sondaxe, atópase o recipiente UE211, conservado *in situ* a poucos centímetros da superficie.

Se temos en conta os resultados da campaña previa de xeorradar, neste espazo existe unha zona de paso marcada na sondaxe polo pavimento UE213 a cal delimita un grande espazo aberto, posiblemente un recinto para tarefas agrícolas, no interior do cal existiría unha estrutura de 4x3 m, esa estrutura sería o muro UE207 e o peche do recinto máis grande a UE202. Con todo, nesta sondaxe os datos non coinciden exactamente co interpretado no xeorradar, posiblemente por desviacións no posicionamento deste último, aínda que mínimas.



Fig. 5 Estado final da sondaxe 2 vista dende o S.

Sondaxe 3

Trala realización da sondaxe 3 exhumouse o lateral norte dun grande edificio UE303, do que só queda en planta a súa cimentación, os restos foron localizados a poucos cm da superficie, sendo por tanto moi afectados polas tarefas agrícolas do lugar.

O muro de cimentación estaba composto por argamasa de gran dureza esbrancuxada e pezas de cachotería de granito ocupando toda a sondaxe en dirección E-W, con certa inclinación SO-NE. No extremo E da sondaxe o muro comezaba a definir unha curva.

Os depósitos asociados a esta estrutura atopábanse moi afectados tamén polas remocións agrícolas, ao sur da UE303 foron definidos varios cachotes entre os cales se localizaron ósos en posición secundaria e algún cravo puntual, podendo tratarse dun enterramento, aínda que a súa orientación N-S provocou que os mesmos se introduciran no perfil S, sen poder chegar a comprobar este feito completamente.

Na zona norte, nun espazo reducido identificouse un nivel de lousas de tamaño medio, o cal podería tratarse dun pavimento, pero este tamén se introducía no perfil N, sen poder definirse completamente. No extremo NO a localización de pequenas pezas líticas moi gastadas con forma de cubo no perfil N, foi indicio para realizar unha ampliación da sondaxe de 1x1m localizándose sobre un nivel de tella machucada

bastante compacto fragmentos en posición *ex situ* dun mosaico polícromo, en gris, branco, amarelo e vermello. As teselas estaban moi fragmentadas en pequenos anacos asentadas sobre unha capa de morteiro de cal branco, debido á súa fragilidade foi retirada unha mostra e boa parte delas deixadas no seu lugar de constatación, para evitar o seu dano durante a extracción.

Na zona sur, realizouse outra calicata ampliando a sondaxe 2x1 m en busca de posibles pavimentos. Identificouse unha zona con abundante morteiro e cachotes puntuais, que poderían ser os restos dun muro, UE313 pero ningunha evidencia de pavimento, localizándose a cotas altas a rocha nai.

A sondaxe puxo de manifesto a existencia dunha estrutura en ábsida con dirección cara ao leste e un ancho se temos en conta os resultados do xeorradar duns 6 m.



Fig. 6 Estado final da sondaxe 3, vista dende o E.

Sondaxe 4

A sondaxe número 4 foi a que menos estruturas de entidade forneceu. Unha vez retiradas as capas vexetais, foi constatado un nivel de pedra pequena e bastante compacto que podería ser coetáneo dunha fosa localizada no extremo SE da sondaxe. Se comparamos os resultados do xeorradar co constatado na sondaxe, esta fosa podería estenderse por unha área duns 10 metros de longo. Descoñecemos con que actividades estaría vinculada.

Antes da creación desta fosa existirían un conxunto de estruturas UE404, UE415 e UE414, que delimitan un espazo central na sondaxe, ocupado pola UE410 consistente nunha acumulación de carbóns e cinsas. Esta estrutura en precario estado de conservación podería estar vinculada ben co sistema de hipocausto documentado na sondaxe 5 ou ben coas actividades de redución de ferro tamén documentadas nesa sondaxe, con todo, atópase vinculada a traballos con lume.



Fig. 7 Estado final da sondaxe 4, vista dende o O.

Sondaxe 5

Nesta sondaxe foron identificadas dúas fases.

Fase I

Construción dunha estancia con hipocausto realizada con muros de cachotería de granito de boa fábrica, con morteiro e rebo de *tégula*, os cales indican o aproveitamento de estruturas previas. Esta estancia contaría cun sistema de *pilae* realizadas en ladrillo e apoiadas sobre un nivel de pavimento de xabre. Cando menos o muro O conta con dobre paramento.

Fase II

Posteriormente o hipocausto é amortizado, recolléndose todos os seus ladrillos salvo os pertencentes a unha pía e agrupándose no extremo SE. No oco deixado polo hipocausto acumúlase unha inxente cantidade de material de tipo escoura o cal evidencia unha intensa actividade vinculada á redución de ferro e tal vez outros mineiras coma o cobre.

O tipo de muros constatados e o hipocausto fai que vinculemos esta estancia aos restos documentados na sondaxe 3, formando parte dun grande edificio.



Fig. 8 Estado final da sondaxe 5, vista dende o N.

Materiais arqueolóxicos e cronoloxía

Dende o punto de vista material os resultados da intervención traducíronse na recuperación de 1.712 elementos de natureza ergolóxica. En xeral, falamos dun conxunto heteroxéneo que presenta un grao de fragmentación elevado, aínda que non excesivamente rodado.

Como adoita ser habitual, predominan con claridade os soportes cerámicos, que aínda extraendo os materiais cerámicos de construción, que supoñen un 74,61 % do total. A continuación, o rexistro de orixe metálica supón un 13,95 %, máis este dato debe ser matizado tendo en conta a inclusión neste apartado das escouras de ferro, que con 95 mostras supoñen máis do 55 % dentro do conxunto, de modo que, de excluílas, estaríamos a falar dun 6,24 %. Ademais, malia que nas Sondaxes 1 a 4 foron recollidas todas as escouras localizadas, a Sondaxe 5 apareceu completamente ategada por este tipo de material, procedendo a recollese unicamente unha pequena mostra por cada UE e volvendo a soterrar os miles de fragmentos restantes que, obviamente, non se cuantifican no gráfico.

Aínda que en menor grao, algo similar acontece no relativo aos materiais de construción, non sendo recollidos todos os fragmentos e sendo novamente soterrados unha boa cantidade dos localizados na Sondaxe 5, de modo que o 7,06 % que supoñen os 87 fragmentos inventariados dan soamente reflexo dunha mostra minguada que, pese a todo, dado que non se rexistraron grandes derrubas nas que proliferasen este tipo de materiais, non se incrementaría de forma esaxeradamente significativa, e unicamente na Sondaxe 5 acadaría valores substancialmente máis elevados.

Pola súa parte, o conxunto lítico acada soamente un 3,97 % da mostra, estando ademais composto en boa medida por fragmentos de non moita envergadura, como pequenos discos, posibles fichas, lousas perforadas, etc. resultando rechamante a total ausencia de materiais asociados á moenda na forma de muíños circulares ou moas.

Finalmente, os 5 rexistros restantes englobados na categoría de "outros," que supoñen un residual 0,41 %, inclúense algúns elementos singulares, concretamente unha conta de acibeche, un anaco de vidro, unha peza dental dalgún tipo de ruminante e dous rexistros nos que se recollen, por un lado, 39 fragmentos de mosaico de pequenas dimensións e, polo outro, un conxunto de teselas soltas e pequenos anacos do morteiro, todos eles igualmente asociados ao pavimento musivario.



Fig. 9 Fragmentos de mosaico.

O estudo de materiais xunto coa estratigrafía permitiu definir as seguintes fases cronolóxicas:

Fase I. Primeira metade do s. I d.C. – finais do s. I d.C.

Primeiro horizonte de ocupación asociado na Sondaxe I á construción do *horreum*, na Sondaxe 4 aos dúbidosos restos de pavimento UE406 e no que tamén optamos por situar os principais estratos da Sondaxe 2.

Dende o punto de vista da cultura material estaría definida por producións cun carácter indíxena moi marcado, cunha preponderancia moi evidente das producións catalogadas como GC tanto na vaixela de mesa como de cociña e almacenamento (fig. 10. 1 a 6).

Rexístranse algunhas producións temperáns análogas a formas do repertorio lucense (Alcorta Irastorza, 2001), cuxo apoxeo sitúa en momentos preflavios, como os pratos LEP (fig. 10. 10), olas tipo L6 (fig. 10. 9), posibles tipos L13 e/ou L14, etc.

Neste momento situamos asemade a inmensa maioría das decoracións estampadas, con diferentes motivos que inclúen serpentiformes, variñas, motivos en “3”, círculos concéntricos, lúnulas, etc. Destaca neste senso a ola de almacenamento UE211 localizada *in situ* na Sondaxe 2 (fig. 10. 4).




Fig. 10 Materiais asociados á Fase I.

Os momentos finais desta fase virían delimitados sobre todo por algunhas mostras de TSH, recuperadas tanto no nivel UE118 nunha forma 37 decorada e moi temperá (fig. 10. 7) como na forma 30 da UE406. Probablemente tamén debamos situar aquí a forma 29 localizada nun estrato superficial da Sondaxe 4 (fig. 10. 8).

Fase II. Último terzo do s. I d.C. – mediados do s. II d.C.

Estaría definida dende o punto de vista estratigráfico pola realización dalgunhas estruturas interpretadas como reforzos do hórreo na Sondaxe I ou a fosa aberta na Sondaxe 4 cortando aos niveis anteriores.

Neste caso o que se rexistra é un incremento dos tipos que definimos xa como CCR, de morfoloxía e criterios técnicos máis clásicos, aumento das pastas de cocción oxidante, da proporción do emprego do torno rápido respecto á roda ou torno baixo que domina na fase anterior.

Destacan neste senso algunhas pezas da UE407 na forma de olas de almacenamento, de trazos xa moi influenciados que semellan evolucionar dos tipos da fase anterior cara aos clásicos romanos como a O10 (fig. 11. 1), olas de cociña do tipo O1 ou O2 (fig. 11. 2), pratos xa do tipo P1 (fig. 11. 4) que posiblemente veñan a substituír ás grandes fontes – cazolas de morfoloxía similar á L19 (fig. 11. 11) e que desaparecen destes niveis.

Na vaixela fina practicamente desaparecen os motivos estampados en favor de simples espatulados e o mantemento de acabamentos brunidos. Semella producirse aquí a introdución ou proliferación dalgúns tipos de recipientes pechados, especialmente xerras e/ou vasos de engobe vermello (fig. 11. 3), aumentando tamén os exemplares de JT así como das xerriñas carenadas brunidas (fig. 11. 6), que se ben se documentan xa na fase anterior destacan agora polo seu número considerable.

Asemade cabe sinalar un aspecto que xa se rexistraba na fase anterior, pero que agora se manifesta de forma aínda máis clara, que é o do recurso ás vasillas finas engobadas como enxoval de mesa (fig. 11. 3 e 5) en compensación da escaseza de formas importadas de TSH, residual na primeira, e practicamente nula segunda fase.

Os tipos que atopan paralelos directos co catálogo lucense amosan cronoloxías máis globais que abarcan a totalidade do s. I d.C., ben sexan olas do tipo L1C, vasos L15, etc.

Queremos tamén sinalar, anticipando o que abordaremos para fases posteriores, que as evidencias de actividade metalúrxica na contorna maniféstanse xa nestes dous primeiros momentos, especialmente na presenza de escouras de ferro, máis ou menos numerosas, na práctica totalidade dos niveis.




Fig. 11 Materiais asociados á Fase II

Fase III. Finais s. III / Comezos s. IV – V d.C.

Nesta fase o primeiro que comprobamos é un salto cronolóxico, unha falla no rexistro que podemos situar entre finais do s. II e finais do s. III d.C., coa ausencia de calquera vestixio material que poidamos encadrar neste abano, xa sexa na forma de materiais finos importados tipo TSH ou de formas comúns dos alfares de Lugo e que neste momento se están a distribuír con gran éxito por todo o noroeste peninsular (Alcorta Irastorza et al., 2015).

Este tipo de lapsos ocupacionais non constitúen unha excepción para este período, propoñéndose hiatos similares no rexistro, por exemplo, en Viladonga (Tejerizo-García et al., 2019).




Fig. 12 Materiais asociados á Fase III

Así pois a Fase III está definida polas estruturas das Sondaxes 3 e 5, e posiblemente polo oco de poste da Sondaxe 2 que rompe aos niveis anteriores e en cuxo recheo UE216 se localizaron dous fragmentos similares aos tipos EJ baixoimperiais (fig. 12. 2).

Nesta fase constrúese pois a parte nobre do xacemento, coa gran habitación de ábsida asociada polo seu lado norte aos restos dun mosaico (fig. 9) e coa sala de hipocausto da Sondaxe 5.

Dende o punto de vista estratigráfico non contamos con depósitos selados que poidamos vincular a esta fase, aínda que si temos un conxunto material bastante coherente que ven a poñer en relación os restos de mosaico, os tres pequenos *foliis* que abranguen as décadas centrais do s. IV (fig. 1), algunhas cerámicas engobadas (fig. 12. 3), especialmente do EJ así como algúns fragmentos do tipo O13 (fig. 12. 4 e 5) cuxa produción comeza a finais do III e se mantén ao longo de todo o s. IV d.C.

Fase IV. Mediados S. V / VI?

Período no que situamos o abandono e ateigamento con escoura de ferro da sala do hipocausto. Descoñecemos se esta amortización sería sincrónica nas estruturas da Sondaxe 3. Este ateigamento evidenciaría a reactivación da actividade de redución de mineral con gran vitalidade neste momento.

Dende o punto de vista material atribuímos a esta fase a maior parte dos recuperados da Sondaxe 5, na forma dalgúns engobados que semellan xa síntomas claros de “dexeneración” (fig. 13. 1), cerámicas comúns en diferentes formatos como o fondo dá en pastas grises duras e de exteriores negros (fig 13. 2), así como posiblemente os fragmentos de xerra / ola localizados na Sondaxe 3 (fig. 13. 3).

Con todo, os materiais que aportan unha cronoloxía mellor definida témolos no fragmento de vidro tardío (fig. 13. 5) e na conta de colar de acibeche (fig. 13. 4), cunha datación máis ou menos similar entre os momentos finais do s. IV e finais do V ou comezos do VI.




Fig. 13 Materiais asociados á Fase IV.

Fase V. Época medieval.

Fase sen ningún tipo de nivel nin depósito asociado e que introducimos unicamente pola aparición en depósitos superficiais e/ou removidos dalgúns fragmentos cerámicos que podemos situar nesta

época en sentido amplo, como pode ser o fondo con relevo de cruz inscrita en círculo (fig. 14) e diversos fragmentos informes así como o pequenísimo anaco dun bordo de pestana baixomedieval.



Fig. 14 Cerámica medieval (esquerda) e indeterminada (dereita).

Fase VI. S. XIX / XX – actualidade.

Atopámonos xa ante un espazo de uso agrario que dende o punto de vista material defínese unicamente polas residuais mostras de olaría popular, normalmente vidrada (fig. 15).



Fig. 15 Cerámica contemporánea.

Divulgación dos resultados

Todo o proceso de escavación foi pertinentemente divulgado por diferentes medios en plena coordinación cos servizos de prensa da Consellería de Cultura e Turismo e tendo en conta as medidas preventivas por mor da pandemia provocada pola COVID-19.

En campo toda persoa que realizase a visita á intervención, durante o horario de traballo, era atendida explicándolle os procesos de escavación. Foi convocada unha visita guiada para todos os públicos con grande afluencia de veciños da parroquia e da comarca da Terra de Lemos. Cómpre destacar a visita e completa implicación do alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de primaria do CEIP plurilingüe Virxe do Carme de Sober os cales realizaron unha visita ao xacemento e a través da radio escolar entrevistaron ao equipo técnico da intervención.



Fig. 16 Visita do alumnado do CEIP Virxe do Carme

Conclusións

Trala realización de 5 sondaxes arqueolóxicas valorativas de tamaños variados e repartidas entre a zona central do xacemento e o seu extremo NE, compróbase como o xacemento de Proendos conta cunha alta complexidade. A través das sondaxes executadas comprobouse como a prospección previa mediante xeorradar deparou resultados de alta calidade, e cun bo posicionamento dos mesmos. Como xa se indicara no seu momento, podemos confirmar que todos os datos recollidos mediante a prospección con xeorradar non se corresponden cun único momento de uso, senón que nos atopamos ante un espazo no que se manifesta un claro palimpsesto dende época prehistórica co castro situado a escasos metros da área de traballo ata a medieval e moderna coa igrexa románica con fases modernas, en uso na actualidade.

Como xa se indicou no apartado correspondente contamos cunha fase altoimperial, entre a que destaca a construción dun *horreum* localizado na sondaxe 1, entre a primeira metade do século I d.C e finais do I d.C así como as estruturas localizadas na sondaxe 2 e vinculadas a tarefas agrícolas. Este *horreum* víriase reforzado entre o último terzo do século I d.C e mediados do II d.C coa construción dun muro interior situado a cotas superiores con respecto do seu pavimento orixinal.

Ademais, dende momentos temperás ata as últimas fases das estruturas, localízase un amplo número de escouras que evidencian o emprego do espazo para a redución de mineral.

Tendo en conta as características do *horreum* documentado, atopariámonos ante a primeira evidencia en todo o noroeste peninsular dun celeiro destas características, con muros paralelos macizos sobre os cales se situaría un *tabulatum* para dispor o cereal maioritariamente en sacos. Este tipo de celeiros documéntanse no noreste ibérico, e no sur, no actual territorio portugués, extremeño e andaluz (Salido Domínguez, 2017, p. 73). Estes *horrea* atópanse maioritariamente vinculados ás *villae*.

Existe un paralelo para o caso do reforzo documentado no *horreum*, en Iwerne (South West, Inglaterra) unha vila romana na que se identifica un reforzo do seu *horreum* nunha segunda fase encadrada no nao 240 d.C. consistente no reforzo interior mediante muros paralelos (Salido Domínguez, 2017, p. 75).



Fig. 17 Exemplo de horreum de villa, Freiría, Cascais, Portugal (Salido Domínguez, 2015, p. 13).

Tendo en conta a preponderancia destes elementos en *villae* é moi probable que nos atopemos ante un dos escasos exemplos de *villa* romana altoimperial documentados en Galicia, sumándose ao caso de Porta de Arcos, en Rodeiro, Pontevedra (Carlsson-Brandt Fontán, 2015, p. 274).

Tras un salto no rexistro entre finais do século II d.C. e finais do III d.C. será cando se edifiquen as zonas nobres localizadas no xacemento, o edificio con remate en ábsida e a estancia con hipocausto. Cunha vida entre finais do século III e comezos do IV ata o século V d.C. Dada a calidade das estruturas e do rexistro, con elementos correspondentes a un mosaico, así como a grande estrutura en ábsida atopariámonos ante un grande edificio de tipo *villa* de época tardía, coincidente coa maioría de *villae* documentadas na *Gallaecia*. A singularidade das estruturas decántanos por desbotar a posibilidade dun aglomerado secundario, polo menos en época tardía, ou un *roadsitesettlement*, sen chegar a desbotalo completamente para fases altoimperiais.

O xacemento de Proendos intégrase nun contexto de importante implantación do Imperio romano trala conquista do noroeste. Unha implantación determinada en gran medida pola activación da minería de ouro das Médulas e a construción de vías de comunicación -como a vía XVIII ou *Vía Nova* entre a Meseta Norte e o interior da provincia *Tarraconensis* primeiro, e a *Gallaecia* a partir do século III d.C. Isto converteu toda a contorna do río Sil nunha zona central na política imperial romana ata o século V d.C., con períodos de maior ou menor relevancia segundo o contexto. Así, en toda esta zona documéntanse unha importante diversidade de xacementos e vestixios datados entre os séculos I e V d.C. como por exemplo a vila da Cigarrosa (A Rúa), Castellón (Pantón) ou o aglomerado secundario da Proba (O Barco de Valdeorras), así como o asentamento de Valencia do Sil, recentemente intervindo e que mostra cronoloxías similares ao documentado en Proendos (Pérez Losada, 2002; Tejerizo et al., 2021) . Neste contexto, a vila de Proendos podería ser interpretada como unha mostra da implantación de importantes elites vinculadas ao Estado romano para o control dos principais recursos da zona que, no caso de Proendos, podería estar vinculado á centralización da produción agraria das ribeiras do Sil.

Conforme se abandona a *villa* as súas dependencias son reocupadas con outras funcionalidades, por exemplo o depósito de escouras constatado na estancia do hipocausto. Unhas actividades encadradas entre mediados do s.V e o VI d.C. e que mostrarían os momentos finais da actividade principal da vila e contemporáneo á ocupación doutros espazos como sería o castro de Penadominga, en Quiroga. Esta reocupación de espazos das antigas *villae* con diversas finalidades -como productivas, habitacionais ou funerarias- durante este período é un fenómeno habitual na península ibérica así como noutras zonas do antigo Imperio romano (Chavarría 2005). De especial interese neste caso é a constatación da actividade ligada á redución de mineral neste período, algo que podería encaixar no que imos coñecendo sobre a importancia da minería na *Gallaecia* de época sueva e visigoda (Sánchez Pardo 2014).

En calquera caso, as escavacións en Proendos amosan unha importante potencialidade para analizar arqueoloxicamente os significativos procesos sociais, políticos e económicos vinculados á implantación do poder romano no noroeste. Asemade, os traballos de divulgación e posta en valor mostran o potencial do sitio como reclamo patrimonial e recurso para as comunidades locais. Aquí presentamos os primeiros resultados do que esperamos sexa un importante proxecto de media e longa duración.

Agradecementos

A intervención arqueolóxica aquí presentada foi financiada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural no ano 2020, grazas ao interese mostrado polo Concello de Sober o cal durante o ano 2019 financiou a prospección previa.

Agradecemos aos sobereses Luis Fernández Guitián e Alfonso Campos Pérez a súa completa implicación e defensa do patrimonio de Sober. A asociación de veciños “Proencia” e a Manuel González Rodríguez como propietarios dos terreos, pola súa autorización para a realización dos traballos. Ao cura párroco de Proendos, Raul Álvarez Otero e aos apartamentos Casa do Bouza Vello pola súa axuda na loxística do proxecto. Aos xornalistas Paco Albo da Voz de Galicia e Manola Porto de Onda Cero Monforte pola súa atención exquisita. Aos investigadores Enrique Alcorta Irastorza, e Adolfo Fernández Fernández, polas súas achegas e interpretacións do rexistro.

Sen esquecermos do equipo de traballo, grazas á súa profesionalidade púidose levar a bo porto esta escavación: Tania Arias Cancelinha, Noelia López Pereiras, Eduardo López Gañán, Fernando Vázquez González.

BIBLIOGRAFÍA:

- Alcorta Irastorza, E. J. (2001). *Lucus Augusti II. Cerámica común romana de cocina y mesa hallada en las excavaciones de la ciudad*. Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Alcorta Irastorza, E. J., Bartolomé Abaira, R., & Folgueira Castro, A. (2015). "Producciones cerámicas engobadas lucenses y su distribución". *EX OFFICINA HISPANIA - Cuadernos de La SECAH 2015*, 77–96.
- Carlsson-Brandt Fontán, E. (2015). "La villa romana de Porta de Arcos (Rodeiro, Pontevedra): 45 años de investigación arqueológica". *Férvedes: Revista de Investigación*, 8, 267–275.
- Castro López, M. (1905). "Antigüedades de Proendos". *Almanaque Gallego*, IX, 1193.
- Chavarría Arnau, A. (2005). *El final de las villae en Hispania* (siglos IV-VII d.C.), Turnhout.
- Fernández-Pereiro, M., Tejerizo-García, C., Lixó Gómez, C., Rodríguez González, C., & Carvajal Castro, Á. (2018). "Asentamientos fortificados no interior da Gallaecia en época tardoimperial e sueva (séc. IV-VI): Un achegamento a partir de varios casos de estudo". *Gallaecia: Revista de Arqueoloxía e Antigüidade*, 36(October). <https://doi.org/10.15304/gall.36.5104>
- González Aguiar, B. (2020). "Características dos xacementos con gravados rupestres localizados no sur da provincia de Lugo". *CROA: Boletín Da Asociación de Amigos Do Museo Do Castro de Viladonga*, 36–53.
- Grande Rodríguez, M. (2004). *A Civitas Lemavorum estudio arqueohistórico do hábitat e ocupación do territorio lemavo en época romana*. Departamento de Historia, Arte e Xeografía da Universidade de Vigo, Ourense.
- Grande Rodríguez, M. (2007). "Aproximación á romanización da Terra de Lemos". *Minius: Revista Do Departamento de Historia, Arte e Xeografía*, 15, 117–135.
- Murguía, M. (1888). *España: sus monumentos y artes, su naturaleza e historia*.
- Pérez Losada, Fermín (2002): *Entre a cidade e a aldea. Estudio arqueo-histórico dos "aglomerados secundarios" romanos en Galicia*. A Coruña: Museo Arqueolóxico de A Coruña.
- Sala Bartrolí, R., Rodríguez Simón, P., García García, E., & Alonso Toucido, F. (2020). *Informe memoria de la prospección geofísica arqueológica en Proendos, Sober*.
- Salido Domínguez, J. (2015). "Los graneros sobreelevados rurales en la Hispania romana: Materiales y técnicas constructivas". *Arqueología de La Arquitectura*, 12, e027. <https://doi.org/10.3989/arq.arqt.2015.008>
- Salido Domínguez, J. (2017). *Arquitectura rural romana: graneros y almacenes en el occidente del imperio*. Editions Mergoil.
- Sánchez Pardo, J. C. (2014), "Sobre las bases económicas de las aristocracias en la Gallaecia suevo-visigoda (ca. 530-650 d.C.)". *Anuario de Estudios Medievales*, 44/2, pp. 983-1023. <https://doi.org/10.3989/aem.2014.v44.i2>
- Tejerizo-García, C., Rodríguez-González, C., & Fernández-Pereiro, M. (2019). ¿Continuidad o discontinuidad en los castros del noroeste? Una revisión de la secuencia del yacimiento de Viladonga (Castro de Rei, Lugo). In *Spal* (Vol. 28, Issue 2). <https://doi.org/10.12795/spal.2019.i28.22>
- Tejerizo García, Carlos, Rodríguez González, Celtia, Ferrer Sierra, Santiago, Fernández Rodríguez, Carlos, Sánchez Pardo, José Carlos, Fernández Pérez, José, et al. (2021): "El final del Imperio Romano en el noroeste peninsular: intervenciones recientes en el yacimiento de O Castelo, en Valencia do Sil (Ourense)" *Lucentum*.
- Vázquez Seijas, M. (1946). "Aportación de la provincia de Lugo al Corpus Petroglyphorum" *Gallaeciae*. Diputación provincial de Lugo.

RESULTADOS DA PRIMEIRA ESCAVACIÓN NO
XACEMENTO DE PROENDOS, SOBER
